

Memoria inscrición concurso Somos Rural

Título do PROXECTO: **FERROL, MÁIS RURAL DO QUE PENSAS**

Centro participante: IES Concepción Arenal Ferrol

Introducción

¿Un instituto urbano do mesmo centro de Ferrol apuntándose a un concurso “Somos Rural”?

Pois Si, porque **Ferrol é mais rural do que pensas**, ademáis do casco urbano ten moito rural nas parroquias do termo municipal, non sempre ben coñecido pola propia cidadanía. Queremos aproveitar esta ocasión que nos brinda o concurso para dar a coñecer:

- **Un monte veciñal:** a xestión comunitaria do territorio, a posta en valor do patrimonio arqueolóxico do monte (mámoas), o coidado da biodiversidade, a gandería extensiva con cabalo galego de monte para previr incendios.
- **As parroquias rurais:** O patrimonio etnográfico, a agricultura familiar como complemento de economías encamiñadas ó coidado da vida e do entorno.
- **A necesidade de ruralizar a cidade:** As hortas comunitarias do barrio de Canido, exemplo de como facer máis habitables as cidades, xerando comunidade en torno a proxectos moi necesarios se queremos cidades sustentables á medida das necesidades das persoas.

Baixaremos dende os montes que rodean Ferrol ós vales das parroquias rurais, chegando ás lindes da cidade coa idea común de destacar **os valores do Rural:** Comunidade, autosuficiencia alimentaria, calidade de vida, sustentabilidade.

No proxecto participaron cinco alumn@s de 4º da ESO e cinco de 1º de Bach (estes últimos cursan a optativa “cultura audiovisual”).

Desenvolvemento do proxecto

En contra do que poida parecer, o feito de ser un instituto tan grande como o noso, con bacharelato e enclavado no centro urbano de Ferrol, non favoreceu senón que resultou unha dificultade adicional á hora de cadrar horarios do alumnado e profesorado participante para poder organizar as reunións de preproducción e elaboración do guión, as saídas de campo e o traballo de postproducción, sendo o proceso un pouco caótico e atropellado.

Non obstante, se o proxecto conseguiu levarse a término foi sen dúbida grazas á determinación e entusiasmo do alumnado.

Cun borrador de guión flexible xa elaborado fixéronse catro saídas entre os meses de febreiro e marzo, cando a climatoloxía, os exames e avaliacións o permitiron (unha saída de mañá en horario escolar o 21 de feb, e xa a finais de marzo dúas de tarde tras a xornada escolar e a derradeira o luns de semana santa), nelas participou maioritariamente o alumnado de 4º da ESO (tanto diante como detrás das cámaras), rodáronse as escenas que aparecen no video e tomáronse as fotografías presentadas, sen embargo o máis grato foi que o alumnado descubriese lugares cercanos ou tradicións que descoñecía.

O alumnado de 1º de bach traballou máis na grabación da primeira escena no centro e na post produción.

No proceso de post produción custou reducir a menos de tres minutos todo o que queriamos contar, pois en vez de centrarnos nunha soa parroquia, ou nunha tradición, quixemos presentar unha ollada xeral e ampla de diversos aspectos do rural ferrolán, dende ó monte até ós barrios da cidade, pois a intención do proxecto era reivindicar a ruralidade de Ferrol, moitas veces invisibilizada, mesmo para os propios cidadáns e veciños, máis aínda os da xeración do alumnado. Tamén quixemos destacar os proxectos colectivos, tanto nos montes veciñais, como no centro cívico e hortas comunitarias de Canido

Queremos agradecer a xenerosa e desinteresada colaboración de:

Helga Méndez, soporte técnico en post produción.

Asociación Comuneiros do Chá

Asociación Xeración, por prestar o dron (aínda que finalmente non se inclúen as imaxes)

CEIP “A Laxe” de Valón.

CEIP Pazos

Pumido ó Natural

Veciñanza de Mandiá

AVV de Canido